



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### OUTES

*Acordo do Pleno de data 27 de febreiro do 2025, do Concello de Outes, pola que se aproba definitivamente o expediente de modificación do regulamento da Escola Infantil Municipal de Outes*

#### ANUNCIO

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial aprobatorio da modificación do Regulamento da Escola Infantil Municipal de Outes, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

«Por Acordo do Pleno de data 30/03/2023, aprobouse o Regulamento da Escola Infantil Municipal de Outes - ANEXO I. Normas de Funcionamento das Escolas Infantís establecidas pola Consellería de Política Social .

A Consellería de Política Social ven de publicar no RUEPSS unhas novas Normas de Funcionamento Marco (RRI) da Escolas Infantís Municipais actualizadas para centros de atención á infancia segundo as Ordes de Gratuidade. Para seguir sendo beneficiarios das axudas de gratuidade de atención educativa é obrigatorio proceder á modificación de dito Anexo I coa finalidade de adaptalo ás publicadas pola Consellería de Política Social.

Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	Data/Núm.
Proposta de Modificación	03/02/25
Providencia de Alcaldía	05/02/25
Informe de Secretaría	2025-0095

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

— Os artigos 4, 22.2.d), 25, 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

— Os artigos 128 ao 131 e 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

— O artigo 56 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril. — O artigo 7.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Vista a proposta de resolución PR/2025/18 de 5 de febreiro de 2025.

#### ACORDO

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento da Escola Infantil Municipal de Outes nos termos en que figura no expediente.

**SEGUNDO.** Someter dita modificación a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de 30 días para que poidan examinar o expediente e presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

**TERCEIRO.** Facultar a o Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.».

**«ANEXO I.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO - ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL**

D. Manuel González López con NIF 78.793.193T, como representante legal da entidade Concello de Outes (CIF P1506300A), enderezo Rúa da Vila, nº1. 15230 Outes (A Coruña); titular do centro Escola Infantil Municipal de Outes con enderezo en Rúa da Emigración, nº2, Lugar Cruceiro de Roo, 15287 Outes (A Coruña)

Número de RUEPSS: E-0417 C-3 centro de iniciativa pública

DECLARA RESPONSABLEMENTE :

1) Que a entidade dispón de Normas de Funcionamento visadas polo servizo de inspección e que están expostas no taboleiro da escola.

2) Que a información específica sobre o funcionamento da escola infantil é a seguinte:

**A) PRAZO**

a) Para solicitar a renovación de praza: O prazo para solicitar a renovación de praza anunciarase mediante a publicación dunha resolución da Alcaldía sobre o procedemento de admisión: solicitudes de renovación, novo ingreso e matrícula de usuarios/as da escola infantil para cada curso escolar publicarase no BOP e no taboleiro de anuncios da páxina web do Concello de Outes.

b) Para o pago da renovación de praza. Non se cobrará ningunha contía en concepto de renovación de praza.

c) Para solicitar a reserva de praza de novo ingreso: O prazo para solicitar a reserva de praza de novo ingreso anunciarase mediante a publicación dunha resolución da Alcaldía sobre o procedemento de admisión: solicitudes de renovación, novo ingreso e matrícula de usuarios/as da escola infantil para cada curso escolar publicarase no BOP e no taboleiro de anuncios da páxina web do Concello de Outes.

d) Para o pago da reserva de praza de novo ingreso. Non se cobrará ningunha contía en concepto de pago da reserva de praza de novo ingreso.

e) Para realizar a matrícula: A matrícula farase nos prazos termos establecidos na resolución de Alcaldía pola que se abre o procedemento de admisión: solicitude de renovación, novo ingreso e matrícula de persoas usuarias da escola infantil municipal.

f) Para o pago dos servizos prestados que aboarán as familias: O prezo público por asistencia á Escola infantil Municipal fíxase segundo o que indique as taxas da Xunta (segundo o IPREM), que teñen en conta a renda per cápita mensual da unidade familiar, e unha vez aplicadas as diversas reducións que na mesma se contemplan. Ditos prezos públicos son os que se establecen na ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de escola infantil municipal do Concello de Outes vixente para cada curso escolar. A comunicación de baixas na escola realizarase cun mes de antelación.

**B) HORARIOS:**

O horario de apertura e peche da escola, a data de inicio e remate de cada curso escolar establecerase na resolución da Alcaldía sobre o procedemento de admisión: solicitudes de renovación, novo ingreso e matrícula de usuarios/as da escola infantil que se publicará para cada curso escolar no BOP e no taboleiro de anuncios da páxina web do Concello de Outes.

Servizo de comedor: incluirá en todo caso xantar e, opcionalmente almorzo ou merenda. Poderá ser ofertado nalgunha das seguintes modalidades:

a) Como servizo de comedor propiamente dito, prestado por persoal do centro ou ben alleo a el e contratado para tal fin (servizo de catering).

b) Como servizo de cociña, entendendo por tal a prestación consistente na achega dos medios persoais e materiais precisos para a adecuada distribución e consumo dos alimentos que traen os/as propios/as usuarios/as.

Atención ás familias: O horario de atención ás familias será consensuado entre a familia e o centro, previa comunicación por ambas partes.

**C) DESCRICIÓN DA METODOLOXÍA/FÓRMULA DA REVISIÓN DE PREZOS, DATA DA REVISIÓN E DATA DE ENTRADA EN VIGOR (RECOMENDASE A UTILIZACIÓN DO IPC PARA OS CONCEPTOS NON SUBVENCIONADOS)**

Durante o curso poderase proceder á súa revisión, sempre que se produzan e xustifiquen variacións nas circunstancias económicas ou familiares referidas aos seguintes casos:

I. A modificación das variables que determinan os descontos recollidos na normativa vixente en materia de prezos públicos.

II. A variación no número de membros da unidade familiar, se fose o caso.

III. A/o beneficiaria/o queda obrigada/o a comunicar calquera variación que se produza ao respecto.

IV. Os prezos públicos establecidos nesta ordenanza actualízanse segundo a normativa vixente que regule o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 da Xunta de Galicia e as súas actualizacións para cada curso escolar. Ditos prezos públicos son os que se establecen na ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de escola infantil municipal do Concello de Outes vixente para cada curso escolar.

**D) PERÍODO DE PECHER POR CAUSAS XUSTIFICADAS E DOCUMENTADAS:**

Desde	Motivo
1 de setembro ata o inicio da actividade lectiva	Limpeza xeral, realización de obras e acondicionamento da Escola para o inicio do seguinte curso escolar
24, 31 decembro	Pecher das instalacións municipais establecido no convenio colectivo
5 de xaneiro	Cabalgata de Reis
Festividades locais e autonómicas	

**E) O BAREMO PARA A ADMISIÓN DO ALUMNADO DENTRO DO PRAZO ORDINARIO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES É DETALLADO NA ORDENANZA FISCAL**

(Só se poderán presentar solicitudes para os nenos e nenas xa nados)

Se se produce un empate terán preferencia os criterios establecidos no procedemento de admisión: solicitudes de renovación, novo ingreso e matrícula de usuarios/as da escola infantil que se publicará para cada curso escolar no BOP e no taboleiro de anuncios da páxina web do Concello de Outes.

**F) CRITERIOS DE PREFERENCIA NA ADMISIÓN DO ALUMNADO FÓRA DO PRAZO ORDINARIO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

Os criterios de preferencia na admisión do alumnado fóra do prazo ordinario de presentación de solicitudes serán os establecidos no procedemento de admisión: solicitudes de renovación, novo ingreso e matrícula de usuarios/as da escola infantil que se publicará para cada curso escolar no BOP e no taboleiro de anuncios da páxina web do Concello de Outes.»

Contra o presente Acordo, interporase recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En Outes, 29 de abril de 2025 .

O Alcalde, D. Francisco Calo Abelleira.

2025/2688